

# A poética de Luz Pozo Garza por Olivia Rodríguez

## Lectura e comentario de poemas por Luz Pozo Garza

### DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Paraninfo da Facultade de Filoloxía  
Universidade Complutense de Madrid  
Maio. 2007



Luz Pozo Garza

*O día 17 de maio de 2007 estiveron na Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid a poeta Luz Pozo Garza, proposta para o premio Nobel pola AELG, e Olivia Rodríguez, profesora de Teoría de Literatura da Universidade de A Coruña, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. A profesora Olivia Rodríguez falou da poética de Luz Pozo Garza e a poeta fixo unha lectura dalgúns dos poemas comentados por Olivia González e fixo que os asistentes se emocionaran cos seus poemas.*

No libro *De Pondal a Novoneyra* (1990), de Xosé Luís Méndez Ferrín, Luz Pozo Garza,

xunto con Antonio Tovar, María del Carmen Kruckenberg, Tomás Barros, Manuel Cuña Novás, etc., pertence á “Promoción de Enlace”, entre a Xeración de 1936 e a primeira xeración de poetas de posguerra na literatura galega. O grupo caracterízase por manter acesa a chama da tradición, nun momento que case chegou a significar a desaparición da literatura escrita en galego. Estes poetas son bilingües, pois teñen dificultades enormes para editar no idioma propio, e van exercer unha influencia de enorme peso nas xeracións de recuperación cultural galega.

A autora comeza publicando poemas en 1945 no xornal de Ribadeo “Las Riberas del Eo”, e seguirá a facelo en diversas publicacións galegas e foráneas como *La Noche* de Santiago, *Alba* de Pontevedra e Vigo, *Mensajes de poesía* de Vigo, *Aturuxo* de Ferrol, *Atlántida* da Coruña, *Alborada* de Buenos Aires, *Poesía Española* e *Ínsula*, de Madrid.

Atopa no seu paisano e amigo, o profesor Dionisio Gamallo Fierros, un mentor e animador, que a pon en contacto cos poetas da “Generación del 27” sobrevivintes en Madrid, Dámaso Alonso, Vicente Aleixandre e, especialmente, Gerardo Diego. Este fará en *ABC* unha crítica do seu primeiro libro, *Ánfora* (1949), que dará a coñecer a Luz Pozo Garza fóra de Galicia. Como poeta en castelán, a autora ofrece un caso excepcional para a época de poesía sensual e erótica escrita por unha muller, e posta en boca dun “eu lírico” feminino. O panorama poético de posguerra tiña orientacións moi distintas, o que fai que este libro manteña máis relación coa poesía hispanoamericana de Juana de Ibarbourou, Gabriela Mistral e Alfonsina Storni, que coa poesía da España interior. Luz vai ler o poema “Reconocimiento” que exemplifica a sensualidade aludida:

Me hallarás bajo vibrante pleamar de luz.

SABRÁS quién soy por mi cintura de rosas fresquísimas. Por las dulces ramas arqueadas de mis brazos.

MIENTRAS la tarde lanza su viva llamarada entre las hojas, no busques mis huellas. Que sobre orillas virginales ondeará mi planta adolescente.

Y cuando la luna sostenga el pasmo de su lámpara de oro,

¡MIRA!...

...Que en mi ceñida cabellera se encenderán todas las estrellas

(*Ánfora*, 1949<sup>1</sup>)

Luz Pozo Garza intenta incorporarse á poesía española canónica presentándose ao premio Adonais con *El vagabundo* (1952), o seu segundo libro. Non acada o premio, pero abre novas vetas poéticas na súa andaina: o canto á liberdade e á vida sen normas.

O seu primeiro libro de poesía en galego é *O paxaro na boca* (1952), que escribe animada polo escritor Manuel María. As súas relacións literarias van en aumento. Mantén unha amizade frutífera con Luís Pimentel, e frecuente de cando en vez —especialmente cando acode ao Conservatorio de música da Coruña, onde obtén o título superior de piano en 1949— os parladoiros coruñeses, onde o propio Manuel María acode desde terras luguesas para reunirse con escritores como Miguel González Garcés e Mariano Tudela, Antón Avilés de Taramancos e Álvaro Cunqueiro, ou pintores como Urbano Lugrís.

Luz aínda publicará un novo libro en castelán, *Cita en el viento* (1962), de tema mariñeiro, onde se configura un dos símbolos da súa poesía, o mar como espazo de liberdade, pero tamén como abismo de misterio e morte. Inicia en 1975 a publicación de *Nordés. Revista de Poesía e Crítica* con Tomás Barros e Luís Seoane.

O libro *Últimas palabras / Verbas derradeiras* (1976) marca un punto de inflexión na súa traxectoria: por unha parte, é froito dun estado anímico depresivo, que dá pé á expresión dun nihilismo do que sairá a autora reforzada para o futuro. Por outra banda, sinala a transición cara á literatura definitiva en galego. Luz Pozo Garza elixe esa escrita como un compromiso coa cultura de Galicia da que nunca máis se afastará.

Pode dicirse que a gran segunda etapa da súa poesía se inicia coa súa produción en galego. Nos

culturalistas *Concerto de outono* (1981) e *Códice Calixtino* (1986), que recrea o ámbito mítico do Camiño de Santiago, maniféstanse os elementos claves desta nova xeira: unha poesía interartística á procura da beleza formal, con pegada profunda da música, a pintura, o debuxo e a xeometría arquitectónica.

A poesía de Luz Pozo Garza ten desde as primeiras producións unha raíz simbolista que é teorizada en textos críticos e autopoéticos da mesma autora. É o seu un simbolismo xa clásico, entendendo por tal o movemento representado por Ch. Baudelaire, para quen a natureza é un templo de agochados sinais misteriosos que só o auténtico poeta é quen de descifrar. Ese simbolismo remóntase ao Platonismo e á súa defensa do poeta-vidente que experimenta a inspiración como o alento dos deuses, e cuxa misión é acadar a verdade a través da beleza que empeza albiscándose nas cousas da realidade. A “Autopoética”, que Luz escribe en *Códice Calixtino* e que lerá, exemplifica o exposto:

(...) cada poeta engade unha fáiisca de claridade ó poema total. Imos coa pequena lámpada na noite ata que a revelación, que xacía nas sombras, se fai lúcida e sobrevive. Quizais sexa iso a poesía: clarificación da idea na conciencia. Ou ensoñación malferida que xorde dun ceo incertamente transparente (...)

No meu caso, a luz permite modificar a doutrina dos astros; abrir un códice pechado na noite; ser coñecemento sutil da condición suprema; trascender, tal o amor, das rúas sagradas do meu pobo; evocar a chuvia nunha praza baleira...

A luz decrece e fire se morre Rosalía e queda alucinada nos ollos de Rimbaud.

Tería que dicir con Víctor Hugo: “Vin a sombra, sen ollada, sen lámpada”. E despois engadir: Mais a luz vai comigo (Edic. cit. en n. 1, p. 405)

O tema da súa poesía é fundamentalmente amoroso: transfiguración literaria da súa experiencia vital, marcada neste aspecto pola relación apaixonada e durante moito tempo imposible co poeta galego Eduardo Moreiras. Sería isto, en principio, unha cuestión literariamente irrelevante, se non produciuse un caso insólito na literatura galega e universal de creación poética intertextual entre ambos escritores, que dialogan a través dos seus versos. Mesmo se mantén a conversa co “Eduardo no alén” na poesía de Luz Pozo Garza a partir de 1991, data da morte do amado. Do poemario *Prometo a flor de loto* escoitamos a Luz o poema “Illas Cies”:

<sup>1</sup> Véxase *Mémoire Solar. Obra poética*. Ourense: Linteo, p.53.

(...)  
 Con labios exaltados bicábasme nas tempas  
 E querías que fora a raíña dos mares  
 Ou deslizabas verbas secretas nos oídos

Nos xogos inocentes  
 Debuxei no teu peito os signos da alegría  
 Despois grabei na area os símbolos da patria:  
     espirais  
         caracolas  
             esvásticas solares  
 Cousas do paraíso...

Naquelas latitudes oceánicas azul  
     azul delirio  
 tracei como remate un labirinto tácito  
 para salvar o amor (Edic. cit. en n. 1, pp. 517- 518)

A morte, presente na súa poesía desde o libro *El vagabundo*, amosa o seu rostro máis duro en *Prometo a flor de loto* (1992). Esta elexía polo pasamento do seu amado e compañeiro poeta, Eduardo Moreiras, inaugura un misticismo nado da idea do amor máis alá da morte. Ao mesmo tempo, conduce a un vitalismo renovado a través da palabra poética que quere fixar a eternidade e anular as fronteiras entre vida e alén.

O tema da morte non anula, senón que potencia outros tamén relevantes na andaina poética da autora. A poesía social nada da evolución da súa poesía existencial, que agroma con intermitencia —vémolos recentemente na súa contribución á loita poética contra a “marea negra”— e que se orixina no vitalismo e o anticonvencionalismo da propia autora.

Sobre África —di Luz Pozo— escribín algúns poemas, sempre teño África no corazón, en todos os seus aspectos, en toda a súa pobreza, en toda a súa fragilidade. Por iso escribín estes poemas que constan de tres partes e vou ler a terceira:

Mira esa luz que fire mesmamente  
 nunha terra de fame e exterminio

Hai un bangá continuo que bate  
 polos mortos  
 e as nais enxoitán o pavor dos nenos...  
 Naceu unha meniña  
 e puxéronlle “Guerra” como nome de pía

A outro recente nado  
 Chamarónlle “Sen Pai”

Un meniño zugaba na teta  
 Da nai morta...

Mais un tam-tam percute nas consciencias  
 Desde o país da fame  
 Desde a morte

Mais unha flor en tanto violada  
 Declárase en urxencia<sup>2</sup>

En *Muller a facer vento*,  
 Lisboa, Edicións Tema, (1998)

A isto súmase a súa capacidade de comunicación coas novas xeracións de escritores galegos, especialmente coas cada vez máis numerosas escritoras mulleres, que ven na súa obra unha ponte que as conduce desde a tradición rosaliana á postura de vangarda aberta a múltiples ámbitos culturais. Non en van representa un modelo para os que se interesan pola crítica e a literatura feminista, porque traballou sempre por abrir o camiño á voz que as mulleres tiveron durante séculos silenciada en Occidente, e seguen a ter en tantos lugares do mundo.

Luz mantén un diálogo coa cultura galega non só literaria, nun rico xogo intertextual que a leva a conectar con culturas próximas e remotas e afastadas: os mundos orientais, bíblicos, clásicos greco-latinos, célticos, que se enriquecen coa achega profundamente galega que a poesía de Luz Pozo Garza significa.

O diálogo na súa poesía convértese nun “método” de acceso e anovamento doutras voces literarias. Neste sentido sobrancea a canle de comunicación aberta con Rosalía de Castro. Ese diálogo continúa a través de múltiples voces, dentro e fóra da Literatura Galega: os trobadores medievais, os contemporáneos Luís Pimentel, A. Cunqueiro, Luís Seoane, etc. As voces universais de P. Éluard, A. Rimbaud, P. Valéry, J. Keats, Dylan Thomas, W. Whitman, J. Kérouac, Lasse Söderberg, Fernando Echevarria, José Bento, Ramos Rosa, Juan Ramón Jiménez, José Ángel Valente, etc..

Con respecto a isto Luz Pozo cóntanos:

Primeiramente eu falo de Rosalía contando a súa vida secreta, a súa vida que está poetizada por min. Pero despois vou profundizando cada vez máis nesta relación de moitísimos anos, que desde moi pequena levo con Rosalía. Desde entón, pensei facer unhas confidencias da miña vida a Rosalía, as

<sup>2</sup> Recollido na obra poética completa citada en n. 1, p. 830

confidencias máis importantes da miña vida. Unha das cousas máis tristes para min foi a morte dun irmán meu na guerra, por iso o libro termina con esta confidencia do poema “Eu tiña o pano branco” (p. 618, edic. cit).

Nos últimos anos do novo século, o poema dramático *Medea en Corinto* (2003), así como o poemario dedicado a Irlanda, *As arpas de Iwerddon* (2005), o libro *Vodas palatinas* (2006), e novos proxectos arredor da relectura doutros mitos a través da poesía, parecen configurar un terceiro período aínda en proceso, caracterizado por unha literatura de recreación mítica universal, ao fío da súa vella vertente culturalista, co predomínio da deriva cara a un celtismo profundo e anovado. Luz lerá o poema “Páxina Atlántica”.

Este poema —comenta Luz Pozo— está dedicado a Xesús Alonso Montero. Xesús é unha persoa que admiro moitísimo, e sempre me dicía: “Luz, porque non escribes un poema sobre Irlanda” Eu dicíalle que o faría, mais íame retrasando neste compromiso. Un día, cando estaba en Vigo, escribín este poema e dediqueillo a Xesús Alonso Montero. Nel están as cousas que vexo en Irlanda e as comparo coas cousas que vexo en Galicia, conservando sempre un celme común a ambos países. Digo así:

*Para Xesús Alonso Montero*

Vin a aldea arredada no seu propio segredo  
Nin se perdeu o celme inxel do Beatus Ille  
Pasei a contemplar tanta fidelidade

Vin burriños cargados de herba e de xestas vivas  
alpendres que harmonizan cos aparellos rústicos  
a humilde ferramenta trasnoitada  
ou talvez encetar o pan de cada día signándolle  
unha cruz por riba cun coitelo

Vin a camelia gaélica en Bíin Eadair  
A paixón dos triskelers baixo o rigor dos liques  
e da chuvía insubmisa

Vin pallozas e torques  
E os míticos tesouros daquel reino de Tara  
A cerimonia erótica do arado

Vin revelarse as antas na afinidade da morte  
Todo se pode ler nesta páxina atlántica  
Na sustancia unitaria do narcisismo celta  
Na camelia gaélica do xardín de Bíin Eadair  
(Edic. cit. p. 703)

A cerna platónica explica tamén a vocación interartística desta autora —toda a arte é unha—. Ilumina, por outra banda, a súa veta mística: hai na súa poesía en moitos momentos unha relixiosidade de impregnación pre-cristiá e panteística galega tradicional, que transita ou conduce a un misticismo aglutinador de influencias españolas, orientais e xudeo-bíblicas. No fondo, a raíz céltica. Sempre dentro deste misticismo o poema que pecha o libro *As arpas de Iwerddon* titulado “Avalón, Avalón” (pp. 744-745) e que Luz lerá como clausura do acto:

(...)

En Avalon hai ramas de brancura incisiva  
fritos de ouro purísimo e moi fráxiles  
como de vento extremo distanciado e sen patria  
non son manxares para dar sustento  
son unha forma esencial da concordia absoluta  
unha vision total da suprema harmonía...

Oh música enigmática que vén de nin se sabe!  
Música que non se explica por salterios nin cítaras,  
nin arpas!]  
Oh Luz radiante! Oh música que escurece os sentidos!  
Oh rosa sen mudanza que se fire docemente!  
Oh eternidade que acende vida e morte  
Nunha chama vivísima no exterminio da rosa...!

Abriuse un coloquio e Luz Pozo, radiante,  
entusiasmou ó público.

[Transcrición do texto: Óscar Fernández Poza]